

SORPRENDENTE

Arquitectura contemporánea

SINTE RÍAS BAIXAS



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



riasbaixas



Edita: Turismo Rías Baixas—Deputación de Pontevedra

Fotografías: Arquivo Turismo Rías Baixas

Diseño e maquetación: Anónimo Advertising

Depósito Legal: VG 410-2017



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA





Un referente nacional de grande atractivo

ARQUITECTURA CONTEMPORÁNEA NAS **RÍAS BAIXAS**

As **Rías Baixas** posúen non só un rico patrimonio cultural e etnográfico, senón que **a súa arquitectura contemporánea destaca e é todo un referente nacional de grande atractivo creativo**. Moitos dos edificios que se expoñen a continuación foron seleccionados tendo en conta o criterio do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Ademais, moitos deles foron galardoados co Premio Nacional de Arquitectura. Estes edificios, deseñados por arquitectos de gran prestixio, forman parte **da arquitectura das Rías Baixas, que destaca por formar parte de maneira natural e equilibrada dunha paisaxe única**. Déixate sorprender polos edificios máis bonitos e emblemáticos da nosa terra. Non te defraudarán.

ÍNDICE

- Páx. **6 COSTA NORTE**
- 6 Centro Galego de Vela
 - 6 Centro cultural, auditorio da Illa de Arousa
 - 6 Pousada Xardín de Ribadumia
 - 7 Edificio de servizos náutico-deportivos de Portonovo
 - 7 Casa Domínguez
 - 7 Centro deportivo de Pontillón
 - 8 Museo de Pontevedra: Sexto Edificio
 - 8 Estadio municipal de Pasarón
 - 8 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra
 - 9 Pazo da Cultura de Pontevedra
 - 9 Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra
 - 9 Sede Afundación. Pontevedra
 - 10 Museo de Pontevedra: Edificio Fernández López
 - 10 Centro de Interpretación das Torres Arzobispais (CITA)
- 11 INTERIOR NORTE**
- 11 Concello de Lalín
 - 11 Albergue de peregrinos da Laxe
 - 11 Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre (PAAR)
 - 12 Concello de Campo Lameiro
 - 12 Poboado mineiro de Fontao
- 13 COSTA SUR**
- 13 Vivendas en Vilariño
 - 13 Departamentos de pescadores en Cangas
 - 13 Rehabilitación da fábrica de salgadura, Casa de Aldán
 - 14 Concello de Cangas
 - 14 Rehabilitación das illas de San Simón e San Antón
 - 14 Museo do Mar de Galicia
 - 15 Campus de Vigo, As Lagoas-Marcosende
 - 16 Mobles Sirvent
 - 16 Nova sede do Grupo ENOR
 - 16 Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo
 - 17 Comisaría local de Vigo
 - 17 MARCO. Museo de Arte Contemporánea de Vigo
 - 18 Abrir Vigo ao mar
 - 18 Sede do COAG e praza do Pobo Galego







1 Centro Galego de Vela

Autoría: Alfonso Penela Fernández
Ano de finalización: 2008
Localización: Rampa de Cavadelo, s/n
VILAGARCÍA DE AROUSA
42°35'41.08"N 8°46'13.39"W



Fronte á forza do mar, este edificio parece que foi moldeado polo vento. Conta cunha sinuosa lámina de formigón que define a cuberta, baixo a que descansan as embarcacións, e unha amplísima fachada de vidro totalmente transparente que deixa pasar a luz.

2 Centro cultural, auditorio da Illa de Arousa

Autoría: J. Manuel Gallego Jorreto
Ano de finalización: 2006
Localización: Palmeira, 24-25
A ILLA DE AROUSA
42°33'50.34"N 8°52'26.49"W



Este conxunto de edificios está destinado ao uso público e á memoria mariñeira. Alberga desde o novo concello ata un centro social e un auditorio. Todos os elementos do seu deseño viran arredor da idea de comunidade e crean un espazo compartido por turistas e nativos do lugar.

3 Pousada Xardín de Ribadumia

Autoría: Mauro Lomba
Ano de finalización: 2012
Localización: Santa Eulalia, s/n
RIBADUMIA
42°30'51.9"N 8°45'37.8"W



En pleno val do Salnés sitúase este gran complexo hostaleiro que se construíu cos elementos que mellor definen a paisaxe desta terra e que adopta a forma dos muíños que se distribúen ao longo do río Umia. As habitacións agrúpanse en pequenos pavillóns, unidos mediante unha galería acristalada que pretende evocar os camiños emparrados da comarca.

4 Edificio de servizos náutico-deportivos de Portonovo

Autoría: Lucas Díaz e Gustavo Díaz

Ano de finalización: 2010

Localización: porto de Portonovo
SANXENXO

42°23'45.08"N 8°49'20.73"W



A súa grande estrutura envolve parte do antigo club náutico e preside o novo paseo marítimo. A súa fachada é moi singular: unha serie de láminas de madeira con estrutura de panel fenólico trasventilado que tenta reflectir o listonado dos colectores dos barcos cargueiros.

5 Casa Domínguez

Autoría: Alejandro de la Sota Martínez

Ano de finalización: 1976

Localización: rúa Río Miño, 15, A Caeira
POIO

42°26'11.30"N 8°39'23.94"W



Casa Domínguez foi proxectada por un dos mellores arquitectos españois do século XX. Sepáranse drasticamente as funcións: baixo terra búscase o silencio; na parte alta, a luz e as vistas; e entre ambas as dúas plantas hai unha zona de comunicación. Algúns interpretan esta casa como unha metáfora do transcurso da vida.

6 Centro deportivo de Pontillón

Autoría: José R. Garitaonandía

Ano de finalización: 2009

Localización: Gabián, s/n, Verducido
PONTEVEDRA

42°29'43.97"N 8°36'57.36"W



Non moi lonxe de Pontevedra atópase o centro deportivo de Pontillón, que xunta pantaláns, hangares e oficinas nun xogo suxestivo de volumes e cor. Parte das súas cubertas son transitables e serven tanto de bancadas coma de miradoiro.

6 Museo de Pontevedra: Sexto Edificio

Autoría: UP Arquitectos (Jesús Ulargui Agurruza e Eduardo Pesquera González)
Ano de finalización: 2008
Localización: rúa Padre Amoedo, esq. rúa Sierra
PONTEVEDRA
42°26'0.03"N 8°38'30.69"W



Este fermoso edificio posúe dúas partes diferenciadas: unha moderna e transparente á cidade; e outra de pedra, coma o seu contexto histórico, que alberga as salas do museo.

6 Estadio municipal de Pasarón

Autoría: ACXT Arquitectos (Jesús Llamazares e Galo Zayas)
Ano de finalización: 2012
Localización: rúa Luís Otero, s/n
PONTEVEDRA
42°26'15.74"N 8°38'27.56"W



Construído sobre o antigo campo, este estadio resólvese cun único elemento, a gran viga-parede de formigón armado que define o seu alzado e no que se apoian as bancadas.

6 Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte

Autoría: Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera
Ano de finalización: 2006
Localización: Campus Universitario
PONTEVEDRA
42°26'28.20"N 8°38'12.92"W



O edificio forma parte do campus e acomódase ás circulacións existentes e á natureza que ten ao seu redor, ao río, ao monte e aos camiños. Un edificio con moita presenza que é todo un referente.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X ríasbaixas

6 Pazo da Cultura de Pontevedra

Autoría: Manuel das Casas
Ano de finalización: 1997
Localización: rúa Alexandre Bóveda, s/n
PONTEVEDRA
42°26'7.97"N 8°38'17.29"W



Construído nas antigas marismas do Lérez, este complexo cultural conta cun gran auditorio, salas de conferencias e de exposicións, un recinto feiral etc. Toda unha icona arquitectónica da cidade.

6 Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Pontevedra

Autoría: J. Manuel Gallego e
Jacobo Rodríguez-Losada
Ano de finalización: 2008
Localización: rúa Alfonso X O Sabio
PONTEVEDRA
42°25'29.17"N 8°38'44.11"W



O edificio divídese en tres partes para mitigar a súa presenza, mostrando respecto polas edificacións do barrio. O interior está pensado como un grande espazo aberto de traballo.

6 Sede Afundación Pontevedra

Autoría: César Portela
Ano de finalización: 2006
Localización: praza de San Xosé, 3
PONTEVEDRA
42°25'44.07"N 8°38'45.30"W



As recuperadas e transformadas fachadas da antiga sede central da Caixa de Pontevedra envolven un edificio moderno no que destaca o emblemático Foyer, un espazo contemporáneo e vangardista con claras referencias ao barroco galego.

6 Museo de Pontevedra: Edificio Fernández López



Autoría: Celestino García e Javier Reboredo

Ano de finalización: 2004

Localización: rúa Pasantería, 2-12

PONTEVEDRA

42°25'55.37"N 8°38'36.33"W

Trátase dunha ampliación para uso administrativo do Museo de Pontevedra que conta cun gran xogo de volumes que se viran para asomarse á emblemática praza da Ferrería. Este edificio é toda unha referencia na cidade.

6 Centro de Interpretación das Torres Arzobispais (CITA)

Autoría: Jesús Fole e S. T. Concello de Pontevedra

Ano de finalización: 2010

Localización: rúa Mestre Mateo, s/n

PONTEVEDRA

42°25'56.68"N 8°38'50.90"W



Situado no límite do centro histórico, trátase dun museo subterráneo no que se pode visitar o foso defensivo da máis importante das antigas fortificacións da cidade.



7 Concello de Lalín

Autoría: Luis M. Mansilla e Emilio Tuñón
Ano de finalización: 2011
Localización: praza de Galicia, 1
 LALÍN
 42°39'37.86"N 8°6'58.13"W



O concello de Lalín está composto por un conxunto de edificacións de estrutura orgánica inspiradas nun castro prerromano. Adaptándose ao terreo, os volumes configúranse ao redor dun espazo público de reunión ao que se destinan a maioría dos usos. Os interiores de formigón e as fachadas lixeiras son vidradas.

7 Albergue de peregrinos da Laxe

Autoría: Celestino García Braña
Ano de finalización: 2004
Localización: A Laxe, 21, Bendoiro
 LALÍN
 42°40'34.64"N 8°9'49.06"W



Este albergue atópase nun contorno rural e é en parte unha restauración das edificacións preexistentes e en parte nova edificación. A súa integración exterior xoga coa escala, a volumetría e a elección de materiais. No interior prima o uso da madeira.

8 Parque Arqueolóxico de Arte Rupestre (PAAR)

Autoría: RVR Arquitectos (Alberto Redondo, José Valladares e Marcial Rodríguez)
Ano de finalización: 2009
Localización: Praderrei, s/n
 CAMPO LAMEIRO
 42°32'30.35"N 8°31'50.68"W



Este parque arqueolóxico reúne unha das concentracións de arte rupestre ao aire libre máis importantes de Europa. O seu centro de interpretación busca a integración na paisaxe mediante unha xeometría rotunda e unha superficie altamente texturada.

8 Concello de Campo Lameiro



Autoría: Jaime Rodríguez, Santiago Pintos e Cristina Crespo

Ano de finalización: 2010

Localización: praza da Provincia, 1, A Lagoa

CAMPO LAMEIRO

42°32'25.26"N 8°32'38.28"W

Situado nun pequeno núcleo rural, o novo concello artículase en dous corpos diferenciados: o edificio existente e o de nova construción. Cada corpo edificado adopta unha volumetría rotunda, unhas escalas precisas e está elaborado con materiais que garanten a completa integración paisaxística.

9 Poboado mineiro de Fontao

Autoría: César Cort e Joaquín Basilio Bas

Ano de finalización: 1958

Localización: lugar de Fontao

VILA DE CRUCES

42°45'31.1"N 8°13'48.9"W



Froito da explotación mineira do volframio durante os anos 50, este poboado proxectouse como un poboado mineiro. Segue preceptos racionalistas na ordenación das vivendas e na construción, e foi recentemente rehabilitado para encherse outra vez de vida.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas



10 Vivendas en Vilariño

Autoría: Alfonso Penela Fernández

Año de finalización: 2008

Localización: praia de Vilariño, 35
Vilariño

CANGAS

42°16'33.70"N 8°49'7.00"W



As vivendas son tres cascos de barco invertidos que se asoman á ría. Unha forma que recorda á tradicional, pero envolta en zinc, onde fachada e cuberta son todo un. As súas estancias adaptaciónse completamente á paisaxe.

10 Departamentos de pescadores en Cangas

Autoría: Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera

Año de finalización: 2006

Localización: porto de Cangas

CANGAS

42°15' 30.90"N 8° 47' 7.77"W



Sobre un espigón do porto de Cangas sitúanse uns almacéns para as e os pescadores que tratan de non interromper a contemplación do horizonte, de ser permeables á paisaxe. Utilizan celosías de aceiro para crear a sensación de transparencia que lle permite compatixinar usos pechados e abertos.

10 Rehabilitación da fábrica de salgadura, Casa de Aldán

Autoría: Alfonso Penela Fernández

Año de finalización: 2000

Localización: avenida José Graña, 20
Aldán

CANGAS

42°16'52.39"N 8°49'14.24"W



Esta antiga fábrica de salgadura que se atopaba en total abandono foi transformada nun establecemento de turismo rural. Sobre o seu esqueleto proxectouse un esquema flexible e aberto que combina modernidade, simplicidade e austeridade.

10 Concello de Cangas

Autoría: Alberto Noguerol e Pilar Díez

Ano de finalización: 1995

Localización: avenida Castelao, 2

CANGAS

42°15'49.0"N 8°46'50.6"W



O novo concello sitúase fronte ao mar, e dota a vila mariñeira dunha moderna fachada cara ao Atlántico. Todas as dependencias municipais alóxanse nun único corpo de pedra e vidro.

11 Rehabilitación das illas de San Simón e San Antón

Autoría: César Portela

Ano de finalización: 2003

Localización: illa de San Simón

REDONDELA

42°18'28.3"N 8°37'40.9"W



No fondo da ría de Vigo, nun diminuto arquipélago cheo de historia, realizouse unha intervención integral que permitiría que estas illas se utilicen actualmente como centro cultural. Na actualidade contan cunha arquitectura elegante e respectuosa co contorno.

12 Museo do Mar de Galicia

Autoría: César Portela e Aldo Rossi

Ano de finalización: 2003

Localización: avenida Atlántida, 160

VIGO

42°13'25.97"N 8°46'12.91"W



O Museo do Mar de Galicia emprázase no que foi unha antiga fábrica de conservas. Este complexo integra a antiga nave da fábrica, un novo corpo, o acuario, o faro e un miradoiro.




DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X ríasbaixas

12 Campus de Vigo, As Lagoas-Marcosende



Autoría: varios
Localización:
Campus Universitario
VIGO
42°10'12.64"N 8°41'18.07"W



Nos arrabaldes de Vigo, nas montañas que acompañan a ría, atópase o campus da Universidade de Vigo.

Nos últimos quince anos construíronse numerosos edificios, facultades, sedes administrativas, centros de investigación e residencias de grande interese arquitectónico, o que converte este campus nun punto de especial interese arquitectónico.

Destacan, entre outros, o edificio da reitoría, a biblioteca central, a Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo ou a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

12 Mobles Sirvent

Autoría: Alfonso Penela Fernández

Ano de finalización: 2005

Localización: avenida Gran Vía, 129
VIGO

42°13'25.19"N 8°43'25.37"W



A este edificio conferíuselle un novo uso para a exposición e venda de mobles, dando lugar a un espazo moi particular. No interior presenta un ambiente diáfano; no seu exterior, materiais lixeiros de revestimento resaltan a súa nova imaxe industrial.

12 Nova sede do Grupo ENOR

Autoría: Alfonso Penela Fernández

Ano de finalización: 2009

Localización: Parque Tecnolóxico e Loxístico
de Vigo, rúa b, parcela 10.10 VIGO

42°10'40.52"N 8°42'30.98"W



Nun contorno claramente industrial construíuse este edificio, un conxunto introvertido só aberto á paisaxe afastada. Prodúcese un investimento tipolóxico ao colocar o edificio administrativo atrás e abaixo, reducindo cruces e circulacións e mellorando a disposición funcional.

12 Edificio Administrativo da Xunta de Galicia en Vigo

Autoría: Esteve Bonell e Josep María Gil

Ano de finalización: 2001

Localización: praza da Estrela, s/n
VIGO

42°14'26.49"N 8°43'13.45"W



Este edificio en realidade son dous complementarios de volumetría oposta: un bloque e unha torre (horizontalidade e verticalidade) que xeran unha resposta lóxica ao plano do mar e aos cambios de altura dos edificios do contorno.

12 Comisaría local de Vigo

Autoría: FQP Arquitectos (Salvador Fraga, F. Javier G. Quijada e Manuel Portolés)

Ano de finalización: 2012

Localización: rúa Álvaro Cunqueiro, s/n
VIGO

42°13'27.68"N 8°43'51.46"W



Este complexo policial caracterízase polo seu xogo de transparencias. Exteriormente destaca por unha folla acristalada que mantén a homoxeneidade en todos os pavillóns, mentres que a súa segunda pel xoga coa intimidade dos espazos.

12 MARCO. Museo de Arte Contemporánea de Vigo



Autoría: FQP Arquitectos (Salvador Fraga, F. Javier G. Quijada e Manuel Portolés)

Ano de finalización: 2002

Localización: rúa do Príncipe, 54
VIGO

42°14'9.71"N 8°43'15.77"W

No centro de Vigo atópase un dos museos de arte contemporánea máis importantes de Galicia. Trátase dunha rehabilitación do edificio que albergaba o antigo cárcere e os ulgados (1861-1880) que é fiel á súa estrutura natural e que mantivo elementos coma as lanternas axiais das galerías, a modo de eixes luminosos.

12 Abrir Vigo ao mar

Autoría: Guillermo Vázquez Consuegra

Ano de finalización: 2004

Localización: desde a praza da Estrela ata a praza do Berbés

VIGO

42°14'25.32"N 8°43'8.47"W



A transformación da beiramar de Vigo desde o Berbés ata o Arenal levouse a cabo durante 10 anos, nos que se cambiou un bordo marítimo inaccesible por un espazo peonil no que unha linguaxe pétreo común, mobiliario urbano, novas edificacións e pavimentos dialogan en harmonía.

12 Sede do COAG e praza do Pobo Galego



Autoría: Jesús Irisarri e Guadalupe Piñera

Ano de finalización: 2008

Localización: rúa Doutor Cadaval, 5

VIGO

42°14'14.25"N 8°43'29.76"W

Este edificio de oficinas investiga a natureza dos límites do público e do privado, establecendo lugares intermedios e sinerxías compartidas, onde priman en todo momento a relación de continuidade entre o edificio e a praza.



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

X riasbaixas

UN LEGADO ÚNICO, UNHA EXPERIENCIA

COSTA NORTE

- 1 VILAGARCÍA DE AROUSA
- 2 A ILLA DE AROUSA
- 3 RIBADUMIA
- 4 SANXENXO
- 5 POIO
- 6 PONTEVEDRA

INTERIOR NORTE

- 7 LALÍN
- 8 CAMPO LAMEIRO
- 9 VILA DE CRUCES

COSTA SUR

- 10 CANGAS
- 11 REDONDELA
- 12 VIGO





SORPRENDENTE

Arquitectura contemporánea

SINTE RÍAS BAIXAS



www.turismoriasbaixas.com

Praza de Santa María, s/n

36071 Pontevedra

Tel.: +34 886 211 700

